




1. EMPRAZAMENTO




DATOS XERAIS

Comarca: Mariña Lucense. Sector: Mariña Occidental. Municipio: Foz. Parroquias: Santiago de Foz, San Martiño de Mondoñedo e Santiago de Fazouro. Extensión: 5,39Km2

2. CARACTERIZACIÓN

ELEMENTOS NATURAIS



AS FORMAS DO RELEVO

Costa mixta, recortada, con dominio dos treitos rochosos interrompidos por praias capaces de xerar pequenos campos de dunas remontantes. Os cantís, de parede vertical e teito plano, posúen extensas plataformas dependentes da estrutura. A chaira costeira ten menor proxección continental que en Ribadeo e Barreiros pero segue sendo notable, para inmediatamente enlazar, de maneira brusca, coa aliñación costeira do Monte da Lebre, que supera os 350m.

AS UNIDADES LITOLÓXICAS

Dominio de materiais cámbricos, con xistos, cuarxosistos, cuarcitas e calcarias da formación Cándana. No Pico da Lebre aparecen cuarcitas da Formación Cándana-tramo inferior. Ademais dos variados depósitos pleistocenos "tipo rasa" da chaira destacan os materiais coluvionais de ladeira na vertente do Pico da Lebre.

A DIVERSIDADE CLIMÁTICA

Réxime ombrotérmico Cálido e Seco no que as temperaturas medias anuais sitúanse por riba dos 14°C e a amplitude térmica en torno aos 13°C. No tocante ás precipitacións os valores medios xiran arredor dos 800mm e os 1000mm anuais aínda que poden chegar aos 1200mm no alto do Monte da Lebre.

OS SOLOS

Cambisols gleicos na chaira costeira e cara ao interior umbrisois dístricos que ocupan a vertente e a liña de cumes do Monte da Lebre.

AS AUGAS

Tramo incluído na masa de Augas Costeiras 20109 que desde a Ría de Foz se estende ata pouco despois da Punta Riosmar. Por outra banda non se pode destacar ningunha masa de auga continental de importancia.

O PATRIMONIO NATURAL

O sector de Praia do Sarrido e Punta Pampillosa están protexidos polo LIC Río Ouro. Os sectores cantís achegan o hábitat "cantís atlánticos" (1230) con algunhas covas mariñas mergulladas e semimergulladas (8330). Tras eles, pequenos sectores pouco transformados con breixos secos atlánticos (4040). O Praia de Llas suma o grupo 21 de dunas. Sen masas de ribeira de interese, aparecen algunhas masas de recolonización na chaira costeira. Cita do taxón vulnerable protexido *Limonium dodartii*.

ELEMENTOS ANTRÓPICOS



USOS DO SOLO

A unidade presenta unha distribución dos usos coherente co relevo que a constitúe: maioría de parcelas destinadas ao cultivo alternando cos cada vez máis frecuentes usos de edificación e infraestruturas na reducida chaira costeira xunto con algunhas pequenas manchas de formacións vexetais costeiras sobre a fronte litoral. As ladeiras da serra da Lebre, que constitúen o peche meridional da unidade, están cuberta por bosques de repoboación de monocultivo, fundamentalmente eucalipto.

MORFOLOXÍA

O contexto morfolóxico parece verse transformado nos últimos tempos como consecuencia do crecemento do veciño núcleo de Foz, que estende a súa influencia á zona oriental da unidade onde desenvolve a súa periferia absorbendo os asentamentos preexistentes, como é o caso de Marzán que quedou inxerido nunha confusa mestura de usos e tipoloxías construtivas que desvirtúan o carácter, trama e organización do asentamento tradicional. O espazo restante da planicie costeira empeza a verse influído por procesos de urbanización espontánea sen trama coherente, aliñándose en torno ás vías que se introducen cara á costa ou ben no eixe da N-642, en cuxo marxe se instalou un polígono industrial, no extremo occidental da unidade. Forxán é o único núcleo que responde ao modelo tradicional pois o seu emprazamento, na zona de transición entre a planicie e a serra, e o modelo de agrupación ao que responde permite o seu recoñecemento como un asentamento tradicional.

INFRAESTRUTURAS DE MOBILIDADE

A rede viaria presenta unha orientación este-oeste con trazados rectilíneos propiciados pola súa implantación sobre a planicie costeira. A estrada N-642 desdóbrase en dous trazados, un que cruza o núcleo de Foz atraendo o crecemento periférico que afecta a esta unidade de e outro, de construción máis recente, que discorre entre Forxán e Marzán acomodándose ás pendentes da Serra da Lebre. Do trazado orixinal da N-642, parten vías perpendiculares e rectas, bosquexados xa pola concentración parcelaria, en dirección á costa, onde se unen á estrada LU-2006 que discorre pegada e paralela á costa. A dimensión dalgunhas destas vías non se corresponde coa demanda actual de uso se non que máis ben parecen executados coa previsión futura de dar servizo a un territorio profusamente construído. Doutra banda, a liña de FEVE discorre reproducindo o trazado da nova N-642 sen maior incidencia sobre a paisaxe da unidade.

PATRIMONIO HISTÓRICO

O elemento máis destacado nesta unidade é a existencia dun castro catalogado como depósito arqueolóxico na Punta de Bois, dominando a praia de Llas desde o seu extremo occidental. A práctica ausencia de elementos patrimoniais na unidade pode deberse moi posiblemente, a que ata épocas moi recentes o solo da unidade tivo un uso exclusivo agrario sen apenas espazos construídos. Sen embargo no extremo suroriental, nas proximidades do pico da Lebre, encóntrase a capela de San Gonzalo en Mourente coñecida tamén como Ermida do Bispo Santo. Neste lugar celébrase cada maio a tradicional romaría na que se conmemora o milagre do Santo Bispo que, de acordo coa lenda, afundiou 300 navíos normandos ou sarracenos no século IX.

O CARÁCTER E A ORGANIZACIÓN ACTUAL

O tradicional carácter agrario deste espazo comeza a presentar signos de adulteración do modelo primixenio como consecuencia da aparición de procesos edificatorios espontáneos coa influencia periurbana de Foz apoiados no eixe da estrada N-642. Doutra banda, o atractivo turístico deste sector litoral coa existencia das praias e servizos relaxionados existentes na propia unidade e outras do contorno próximo posibilita a xeración de procesos de urbanización espontánea que tenden a ocupar a planicie costeira. A organización territorial desta unidade depende pois, da influencia do núcleo urbano de Foz e das vías de comunicación, en concreto da N-642 e doutras de menor entidade que desde a nacional discorren na procura da costa.

DINÁMICA DA PAISAXE


O soporte biofísico da unidade constata un aumento da densidade arbórea que cobre o somonte da Serra da Lebre como consecuencia de plantacións forestais. Doutra banda resulta evidente a transformación sufrida polo parcelario como consecuencia dun proceso de agrupación que xera grandes lotes polos que se trazaron vías rectilíneas xerando unha paisaxe excesivamente regular. Pero sen dúbida, a dinámica máis evidente sobre a unidade detéctase no sistema de asentamentos. É realmente notable o intenso crecemento de edificacións experimentado polo conxunto e a ocupación de terreos antano dedicados ao cultivo, principalmente nas proximidades a Foz, ao longo da N-642 e xunto á liña de costa. Asociado ao crecemento de edificacións percíbese un aumento e consolidación das infraestruturas viarias.

RISCOS E IMPACTOS

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

3. AVALIACIÓN**VALORACIÓN DA PAISAXE**

Os principais valores da unidade atópanse localizados na franxa litoral máis próxima ao mar. É salientable a combinación de cantís e covas mariñas existentes ao longo de toda a costa. Ademais, o sector occidental da unidade, correspondente coa Punta Pampillosa e praia de Sarrido está incluído no LIC do río Ouro segundo a Directiva Hábitat e ZEPVN segundo a lei galega de espazos naturais. Por outra banda, na praia de Llas localízanse campos de dunas remontantes de grande interese ecolóxico, interese que se suma á localización, extremo occidental, concretamente na punta de Bois, o castro homónimo catalogado como patrimonio cultural. Doutro lado, é notable o abrupto cambio de pendente que se xera no sur da unidade debido á existencia do monte da Lebre que supera os 350 metros de altitude distando menos de tres quilómetros da costa. Este relevo supón un importante punto de observación de boa parte da Mariña lucense. O resto da unidade perde en calidade e harmonía paisaxística, froito da dificultade para interpretar o territorio, o que foi orixinado á súa vez, polos contemporáneos procesos de ocupación difusa. Outros puntos de observación son a Ermida de Bispo Santo e os que se sinalan na cartografía desta unidade. No extremo suroeste da unidade, no denominado Monte da Lebre, sitúase a Ermida do Santo Bispo, que se constitúe como un bo punto de observación desde o cal se ten unha ampla perspectiva do conxunto da unidade caracterizada, sobrepasando a mesma e complementado cos puntos de observación detectados na fronte costeira.



4. PLANIFICACIÓN

OBXECTIVOS DE CALIDADE PAISAXÍSTICA

A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ACCIÓNNS
















A completar durante a elaboración dos catálogos e directrices da paisaxe litoral.

ÁMBITOS DE REQUALIFICACIÓN

Nesta unidade non se contemplan posibles ámbitos de requalificación.

Lenda / Leyenda

Usos do solo / Usos del suelo

- | | |
|---|--|
|  Chairas intermareais / Llanuras intermareais |  Matogueiras / Matorrales |
|  Marismas / Marismas |  Cultivos e prados / Cultivos y prados |
|  Praias / Playas |  Cultivos frutícolas e de viveiro / Cultivos frutícolas y de vivero |
|  Dunas / Dunas |  Viñedos / Viñedos |
|  Lagoas e humedais costeiros / Lagunas y humedales costeros |  Cultivos baixo plástico / Cultivos bajo plástico |
|  Cantis / Acantilados |  Forestal de repoboación / Forestal de repoblación |
|  Vexetación costeira / Vegetación costera |  Outras formacións arbóreas / Otras formaciones arbóreas |
|  Bosques autóctonos / Bosques autóctonos |  Outras masas de auga / Otras masas de agua |
|  Bosques de ribeira / Bosques de ribera |  Canteira / Cantera |
|  Bosques mixtos / Bosques mixtos |  Artificial / Artificial |
|  Bosques de recolonización / Bosques de recolonización | |
|  Outras formacións de carácter húmido / Otras formaciones de carácter húmedo | |

Asentamentos / Asentamientos

-  Asentamento de carácter fundacional / Asentamiento de carácter fundacional
-  Desenvolvemento periférico / Desarrollo periférico
-  Asentamento funcional / Asentamiento funcional
-  Agregado urbano / Agregado urbano
-  Nova agrupación / Nueva agrupación
-  Outras edificacións / Otras edificaciones

Hidrografía / Hidrografía

Patrimonio / Patrimonio

-  Bens de Interese Cultural / Bienes de Interés Cultural
-  Arquitectura industrial, militar e marítima / Arquitectura industrial, militar y marítima
-  Patrimonio arqueolóxico / Patrimonio arqueológico
-  Patrimonio etnográfico / Patrimonio etnográfico
-  Ptos de observación de conca ampla / Ptos de observación de cuenca amplia
-  Puntos de observación didácticos / Puntos de observación didácticos
-  Puntos de observación / Puntos de observación
-  Faros / Faros




Toponimia / Toponimia

- Toponimia interior / Toponimia interior
- Núcleos de indentidade do litoral / Núcleos de indentidad del litoral**
- Praia / Playa
- Lugares con enerxía de relevo / Lugares con energía de relieve
- Toponimia de costa / Toponimia de costa
- Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico**
- Toponimia de portos / Toponimia de puertos

Batimetría / Batimetría

- | | | | | |
|---|---|--|---|---|
|  0 m |  -20 m |  -100 m |  -500 m |  -2000 m |
|  -10 m |  -50 m |  -200 m |  -1000 m |  -3000 m |

Espazos de interese / Espacios de interés

-  Espazos de interese xeomorfolóxico / Espacios de interés geomorfológico
-  Área de interese de Taxón / Área de interés de Taxón
-  Espazos de interese paisaxístico / Espacios de interés paisajístico
-  Espazos de protección de ladeira / Espacios de protección de ladera

Rede de Espazos Naturais / Red de Espacios Naturales

Liña de dinámica litoral / Línea de dinámica litoral

Sistemas territoriais / Sistemas territoriales

-  Zona aeroportuaria / Zona aeroportuaria
-  Pista de ateraxe / Pista de aterrizaje
-  Lámina de auga do porto / Lámina de agua del puerto
-  Zona portuaria / Zona portuaria
-  Ferrocarril / Ferrocarril
-  AVE / AVE
-  Autoestradas e autovías / Autopistas y autovías
-  Corredores e vías rápidas / Corredores y vías rápidas
-  Outras estradas / Otras carreteras
-  Pistas e camiños / Pistas y caminos
-  EDAR / EDAR



1:20.000

0 100 200 400 600 800 Metros

Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29
Sistema de referencia: European Datum 1950, fuso 29



